



**CONCELLO DE
OLEIROS**

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE DE SETEMBRO DO DOUS MIL DEZAOITO PARA OS EFECTOS DE EMITIR DITAME SOBRE DAS CONTRATACIÓNS QUE DE SEGUIDO SE CITAN:

- 1) "ACONDICIONAMENTO DAS CASAS DO POBO DE LORBÉ E DEXO"
- 2) "ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS RIO XALLAS, RIO ULLA E RÍO EO"
- 3) "PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E DA RÚA ABELLA"
- 4) "PARQUE INFANTIL NA URBANIZACIÓN "AS TORRES" (OLEIROS)"
- 5) "REFORMA DO CENTRO DE LECER DE STA. CRUZ"

Na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oleiros sita no primeiro andar do citado edificio municipal; reúnese, ás 12:40 horas do día 20 de setembro do 2018, a Mesa de Contratación convocada segundo Providencia da Alcaldía de 18 de setembro do 2018.

Asisten os seguintes membros:

Preside: D^a M^a José Varela Neira, 1^a Tenente de Alcalde.
Vocais.:



- D^a Sandra Fernández Fernández
- D. Marcos Veiga Rodríguez
- D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello.
- D. Jacobo Molina Saenz, Interventor Accidental do Concello.

Secretario da Mesa: D. José Manuel Díaz García.

Como técnicos asisten:

- D^a Isabel M^a Freire Ramos, enxeñeiro municipal, para as contratacións nº 1) e 2)
- D. Iñaki Cubillo Bueno, enxeñeiro municipal, para a licitación nº 3)
- D. José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, para as licitacións nº 4) e 5)

Habendo quórum, procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.





III.- PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E DA RÚA ABELLA

A Mesa de Contratación reunida o pasado día 30 de agosto do 2018, procedeu, en acto non público, á apertura dos sobres nº 1 presentados polas empresas admitidas a esta licitación denominados "Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa" e acordou remitilos a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación.

Procedería que a Mesa tomase coñecemento do informe técnico elaborado ao respecto e procedese, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior"

Así, neste intre, en acto público ao que asiste D. Juan Carlos Fernández en representación de APECO, o técnico municipal dá conta do informe emitido con respecto aos sobres nº 1 presentados; informe que consta no expediente e cuxa valoración final se transcribe a continuación:

EMPRESAS	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUBXECTIVOS
	PROGRAMA DE TRABALLO
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	23
CANARGA, S.L.	16

O informe completo publicarase xunto con esta Acta no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

A Mesa toma coñecemento do informe emitido.

A continuación, procédese á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados "Oferta económica e proposta suxeita á avaliación posterior"; resultando que cada un dos licitadores admitidos presenta a seguinte oferta:

SOBRE Nº 2	OFERTA ECONÓMICA (IVE engadido)	% CONTROL CALIDADE EXTERNO	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA	MELLORAS
				Incremento espesor cada rodadura
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	40.196,20.-	3 %	4 anos	4 cm.
CANARGA, S.L.	46.000,00.-	3 %	4 anos	5 cm.

Dado que se trata de criterios de adxudicación cuantificables de xeito automático; suspéndese a Mesa durante uns instantes a efectos de proceder á avaliación das ofertas; de conformidade cos criterios e puntuacións recollidos no Anexo XI do prego de cláusulas administrativas particulares.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Obtida a citada avaliación, reanúdase a Mesa, resultando a seguinte puntuación:

Contrato/concurso: PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E DA RUA ABELLA

Prezo de licitación: 53430,38

Límite oferta temeraria: 39.868,20

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Temeraria	Puntuación Val. técnica	Puntuación Val. económica	Ctrol calidade	Prazo garantía	melloras	Total sobre 2	Total
1	LOPEZ CAO	40.196,20 €	24,77	Non	23	26	9	30	8	73	96
2	CANARGA	46.000,00 €	13,91	Non	16	14,6	9	30	10	63,6	79,6

Non hai ofertas anormais segundo o cálculo no programa da Deputacion

Oferta econ		Baixa	
1	LOPEZ CAO	40.196,20 €	13.234,18 € 26
2	CANARGA	46.000,00 €	7.430,38 € 14,6

Melloras			
1	LOPEZ CAO	4	8
2	CANARGA	5	10

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro e único.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación da obra denominada "PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E RÚA ABELLA" á empresa "CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L." por un importe de 40.196,20 € (IVE engadido); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

